

# Dúas visións de América Latina: a propósito do caso Granda

*Camilo Suescún*

**U**n conflito diplomático e político de importancia xurdiu entre Colombia e Venezuela tras o descubrimento dunha operación encuberta do goberno colombiano en territorio venezolano, consistente no *secuestro* dun líder esquerdista colombiano, Rodrigo Granda, en que estiveron implicados efectivos recrutados entre os servizos militares e de seguridade da propia Venezuela.

Tras unha investigación realizada polo Ministerio venezolano de Interior e despois de analizar os testemuños e os relatorios de periodistas e outros observadores políticos ben informados, chegouse á conclusión de que a planificación e a execución desta violación flagrante da soberanía venezolana é atribuíble aos máis altos niveis do goberno colombiano, incluído o seu presidente, Álvaro Uribe. Unha vez establecida a participación directa do goberno de Colombia, o goberno venezolano solicitou unha desculpa pública, á vez que exploraba unha solución diplomática, cargando a responsabilidade nos conselleiros presidenciais colombianos. O réxime colombiano pasou inmediatamente á ofensiva e puxo en marcha unha agresiva defensa da súa implicación na violación da soberanía venezolana e, a maior abundamento, da súa pretensión de lexitimar actos futuros de agresión en base ao concepto de *seguridade nacional*. En consecuencia, o presidente Hugo Chávez retirou o seu embaixador en Bogotá e suspendeu todos os acordos comerciais e políticos de estado a estado, ata que se produza unha desculpa pública oficial. O goberno de EUA deu o seu apoio incondicional á violación colombiana da soberanía venezolana e exhortou ao réxime de Uribe a tensar aínda máis o conflito. O que comezou sendo un problema diplomático relacionado cun incidente específico, converteuse nunha crise grave e definitoria nas relacións entre EUA e América Latina, con consecuencias militares, económicas e políticas potencialmente explosivas para toda a rexión.

## **A bóla de neve**

---

No enfrontamento entre os dous presidentes destes países limítrofes chocaron dúas lóxicas políticas opostas: o neopopulismo<sup>(1)</sup> baseado no nacionalismo de

---

(1) A finais da década de 1980 e comezos de 1990, un punto de vista amplamente compartido pola comunidade de politólogos proclamaba a morte e enterro definitivo do ciclo populista latinoamericano (Adelman 1994; Drake 1982, 1991; Kaufman - Stallings 1991; Wirth 1982). Con todo, poucos anos despois, a realidade demostraba que o *réquiem* do populismo fora prematuro e que a súa agonía resultaba ser moito máis longa do que inicialmente se esperaba. As experiencias reformistas encabezadas por Alberto Fujimori (1990-2000) en Perú, Carlos Salinas de Gortari (1988-1994) en México, Carlos Menem (1989-1999) en Arxentina e, en menor medida, Fernando Collor

esquerda<sup>(2)</sup> de Chávez contra o pragmatismo dereitista de Uribe, sintonizado coa idea de Bush de que a loita contra o terrorismo debe ser global e extraterritorial. Por iso, Chávez, na súa retórica patriótica céntrase na violación da soberanía venezolana por parte das autoridades colombianas, perpetrada coa axuda de axencias estadounidenses. Uribe, en cambio, chama a atención sobre a complicidade do goberno venezolano co terrorismo.

Ao xustificar o secuestro en Venezuela de Rodrigo Granda, líder esquerdista colombiano, o goberno de Uribe anunciou unha nova doutrina en materia de política exterior que reproduce a da Administración Bush: o dereito de intervención unilateral en calquera país do que o goberno colombiano sospeite ou teña a certeza de que está proporcionando refuxio a adversarios políticos do goberno (que o réxime tacha de “terroristas”) que puideran ameazar a seguridade do Estado. A doutrina<sup>(3)</sup> Uribe de intervención unilateral reproduce o discurso de guerra preventiva lanzado a finais de 2001 polo presidente Bush. Resulta evidente que a acción e as declaracións de Uribe expresan a influencia profunda que Washington exerce sobre as políticas do actual goberno colombiano a través do seu programa ampliado de axuda militar, por un valor anual de 3.000 millóns de dólares, e a conseguinte penetración dominadora de todo o aparato xestor da política de defensa.

Washington proporcionou máis axuda militar a Colombia que a todo o resto de América Latina xunta, e máis que a ningún outro país do mundo, coa excepción de Israel. A estratexia de EUA xira en torno á derrota do movemento de masas e da influencia da guerrilla como paso previo para a consolidación do seu poder na rexión andina e na conca superior do Amazonas.

Unha vez asegurada, esta rexión converteríase nun trampolín para a invasión e ocupación de Venezuela e dos seus xacementos petrolíferos, e daría un forte golpe ao goberno revolucionario de Cuba. Estados Unidos, a través de Uribe, triplicou durante os últimos anos o tamaño das forzas armadas colombianas, que na actualidade contan con máis de 267.000 efectivos. Aumentou en gran medida a súa potencia de fogo aérea (he-

---

de Mello (1990-1992) no Brasil, representan unha nova variante “liberal neopopulista” do tradicional populismo latinoamericano. O goberno de Chávez en Venezuela conta con características do populismo clásico de mediados do século XX e características do chamado neopopulismo. Véxase LODOLA, Germán (2004): *Neopopulismo y compensaciones a los perdedores del cambio económico en América Latina*, en Diálogo Político nº2; é unha publicación trimestral da Konrad-Adenauer-Stiftung A.C.

(2) Cfr. Neopopulismo de aberta tendencia socialista, pola preeminencia de personalidades e grupos de esquerda (cívís e militares) no entorno das decisións públicas, no discurso oficial atópanse ideas e valores tales como auspicio e promoción da loita de clases, dominación do Estado sobre a actividade privada, apelación ao dereito colectivo en detrimento dos dereitos individuais, xustiza equitativa e igualitaria como norte valorativo. O populismo do réxime instaurado por Chávez ten outras características adicionais. Unha delas é o militarismo, non soamente pola evidente penetración de militares en cargos de responsabilidade civil ou pola máis evidente aínda de ser a Forza Armada o seu “enclave de pertenza” e, por conseguinte, a súa verdadeira organización política matriz. O espírito de esquerda que intenta impoñer Chávez é un factor extremadamente perturbador nunha sociedade que rexeita amplamente calquera figura asociada ao comunismo. Non obstante, exerce con gran notoriedade a súa amizade con personalidades do mundo radical (Fidel Castro, Saddam Hussein, Mohamar Khadafi, Evo Morales, José Bové, entre moitos outros), o que reforzou a idea central dos seus opositores de que Chávez conduce a Venezuela a un modelo de desenvolvemento similar ao de Cuba. Véxase KELLER R, Alfredo (2004) en Diálogo Político nº2, unha publicación trimestral da Konrad-Adenauer-Stiftung A.C.

(3) Cfr. PETRAS, James: *Colombia, Estados Unidos y la amenaza a la soberanía venezolana*, en <http://www.rebellion.org/>.

licópteros e avións de combate) e proporcionoulle o armamento tecnolóxico máis avanzado para detectar e seguir os movementos da guerrilla.

Para sectores da esquerda latinoamericana, o secuestro de Granda significa soamente un *ensaio xeral* dun máis amplo proxecto de escalada das provocacións, destinado a comprobar a lealdade, a disciplina e a eficacia do sistema venezolano de seguridade. Washington está verificando ata onde pode empuxar a Venezuela na abdicación da súa soberanía e o seu control das fronteiras.

Esta crise política tivo, en parte, resultados inesperados. Dunha banda, esportou unha potente corrente oculta de sentimento nacionalista en Venezuela; e, doutra, afectou seriamente a sectores importantes da economía colombiana, incluídas as elites que apoian xeralmente a Uribe.

A proposta dos gobernos de Washington e Bogotá de celebrar unha conferencia internacional na que se discuta o problema do terrorismo basease no seu recoñecemento de que, hoxe, a maioría dos réximes latinoamericanos están impacientes por servir aos intereses imperiais de EUA. Durante o período previo de guerra económica e política continua contra o goberno, democraticamente elixido, de Chávez, auspiciado por parte da dereita autoritaria, o brasileiro Celso Amorim organizou un grupo de países que chamou *Amigos de Venezuela* composto por líderes neoliberais iberoamericanos hostís, entre outros, o ex presidente Aznar e o presidente Bush (ambos apoiaron o fracasado golpe militar de abril de 2002), os presidentes Fox de México e Lagos de Chile e, por suposto Brasil, que outorgou á oposición política dereitista venezolana un estatuto idéntico ao do goberno elixido. Con todo acerto, Chávez rexeitou a mediación de tales *amigos*. Hoxe, Lula ofrece os seus servizos de novo *para mediar* entre un agresor internacional e un país soberano. Cuba á parte, nin sequera un dos réximes clientelares latinoamericanos condenou a agresión de Uribe; aínda peor, nin sequera un amosou claramente a súa oposición á doutrina de extraterritorialidade implícita.

Chávez actúa con todo acerto ao propoñer a celebración dun foro bilateral que teña por obxecto discutir a intervención e as pretensións hexemónicas de Colombia, onde os problemas suscitados pola práctica da política de Uribe de terrorismo de Estado poidan converterse en parte do debate público sobre o *terrorismo*. Por suposto, Washington *aconsellará* a Uribe que non acepte. Chávez podería entón ordenar ao seu ministro de Asuntos Exteriores que leve o asunto á Asemblea Xeral da ONU como cuestión de urxente importancia para a paz, a seguridade e a soberanía nacional. Chávez<sup>(4)</sup> deu res-

(4) Cfr. Este é o primeiro xefe de Estado latinoamericano electo que desafiou aos EUA e a outros poderosos actores internacionais da “nova orde mundial”, desde o goberno de Alán García en Perú nos anos 80. Durante este período foi o único presidente do continente que seguiu unha política externa independente e predicou cambios de longo alcance no país. Nese sentido, Chávez podería estar axudando a definir os límites do cambio na era da globalización. Ao igual que García, opúxose ao neoliberalismo e recibiu duras críticas de EUA, pero, a diferenza de aquel, tamén chocou de fronte con grupos económicos nacionais. Moitos dos seus críticos, tanto no ámbito político como académico, reflicten a lóxica da “tese radical” da globalización, segundo a cal o capital e as estruturas transnacionais están socavando inexorablemente o Estado e a soberanía nacional. Desde o comezo, eses adversarios políticos cualificaron de “obsoletas” as políticas de Chávez e prognosticaron un desastre político. A súa liña de pensamento está explícita ou implicitamente exposta: ningún presidente pode desafiar aos poderosos actores internacionais e saírse coa súa. Véxase ELLNER, Steve (2003): *Venezuela imprevisible. Populismo radical y globalización*, en Nueva Sociedad 183, pp11-26.

posta xa á agresión pública continua de EUA asinando acordos de exportación de petróleo e de investimentos con China, Rusia, e outros países de América Latina e de Europa. A suspensión da importación de produtos agrícolas colombianos podería desencadear un esforzo máis intenso para promover a produción agrícola local, e dar pulo a unha reforma agraria con máis investimento público na produción local de alimentos.

O secuestro de Granda e a corrupción de algúns funcionarios venezolanos poden servir de chamada de atención para os líderes venezolanos sobre as ameazas reais para a soberanía nacional que emanan da doutrina Uribe, apoiada por EUA. A ameaza é real, sistémica e inmediata. O presidente Uribe ten o apoio de Washington, e ben Chávez dispón do respaldo dunha significativa maioría de venezolanos e conta co feito de que estarían dispostos a loitar por defender a soberanía da súa terra, o seu goberno e o seu dereito a vivir sen subordinacións. Para Chávez, a cuestión da soberanía venezolana non é agora simplemente unha cuestión de manobras diplomáticas, senón de organización da gran masa dos venezolanos para se converteren nunha forza de disuasión militar formidable capaz de rexeitar calquera agresión armada.

Para Uribe, o goberno venezolano non está colaborando na loita global contra o terrorismo e, en concreto, no esforzo dos colombianos por erradicar o flaxelo da guerrilla. E para lexitimar a súa posición, ampárase nas resolucións da ONU que prescriben que os Estados deben impedir a libre circulación de terroristas, colaborando eficazmente facilitando información entre os diferentes gobernos.

## O contexto internacional

---

Quedaron á luz, en América Latina, dúas políticas que certamente non coinciden: a que representa o aliñamento *incondicional* con Washington, é dicir, *economía de libre mercado*: ALCA, TLC; reformismo nos moldes do neoinstitucionalismo da globalización, OEA, políticas financiadas polo BID, BM e patrocinadas polo FMI; *proxecto político-militar*: Plan Colombia, militarización, contrainsurrección; e a que reforza os ángulos autonomistas fronte ao imperialismo tradicional e a súa estratexia integral, con propostas e proxectos de integración sudamericana, subrexional e latinoamericana: Comunidade Sudamericana de Nacións (CSN), alianza Comunidade Andina de Nacións (CAN) –Mercosur, Petroamérica, ALBA–. Os anos que veñen decidirán que camiño se impón. A clave do novo rumbo nesta dinámica é o papel da cidadanía, o crecemento da súa disposición de rebeldía e de acción mobilizada e organizada, así como os seus novos niveis de conciencia.

O péndulo ideolóxico volve a xirar cara á esquerda en América Latina. En Bos Aires, Brasilia, Caracas, Montevideo e, por suposto, na Habana, respírase un ambiente de oposición á política imperial dos Estados Unidos, e estase consolidando paulatinamente un eixe para contrarrestar a influencia norteamericana na rexión,

cuns efectos que xa se fixeron sentir, e sentiranse primordialmente, nas negociacións do ALCA. A Chávez, a conxuntura política dos seus veciños venlle ao xeito. Mentres non cometa erros que fagan pensar que o sistema democrático en Venezuela está en perigo, pouca ou ningunha presión recibirá destas latitudes e, pola contra, poderá recibir algúns apoios.

O petróleo é unha poderosa arma de disuasión e negociación de Chávez. As exportacións de Venezuela a Estados Unidos promediaban, a finais de 2003, 1,6 millóns de barrís por día. Sorte non lle faltou ao líder venezolano: o cru acadou a finais de 2004 prezos que baten marcas históricas e esta elevada cotización proporcionalle un respiro económico importante ás finanzas públicas. Por outra banda, George W. Bush afronta o seu segundo mandato cunha axenda complicada: Afganistán, Iraq, Irán, Al Qaeda, Haití, a crise do tsunami no sueste de Asia, etc. E estas e outras circunstancias xa mencionadas, permiten concluír que unha intervención directa en Venezuela, cando menos polo momento, está fóra das opcións viables, a pesar de que existen evidencias, segundo algunhas fontes, de que militares cubanos se infiltraron en unidades das forzas armadas de Venezuela e que ademais poderíase estar producindo un adestramento soterrado de milicias baixo premisas amplamente antiestadounidenses.

Feitos recentes parecen indicar que mentres continúe fluíndo o petróleo venezolano cara EUA non existiría unha razón suficientemente lóxica para que Washington se arrisque a unha aventura militar en Venezuela, a pesar de que algúns funcionarios do Departamento de Estado, como a secretaria de Estado, Condoleezza Rice, describira a Chávez ante os medios de comunicación como un factor de inestabilidade na rexión e non contempla con bos ollos a súa proximidade a Fidel Castro. Colombia, por outra banda, converteuse, paulatinamente, no mellor aliado de Estados Unidos no sur do continente.

A chegada ao poder do PSOE en España, e o xiro socialista de varios gobernos no vello continente, parecen indicar, que pouca ou ningunha reacción habería que agardar, a curto prazo, da Unión Europea, con relación ao que suceda ou poida suceder en Venezuela.

## **A integración é a solución**

---

A vaga integracionista americana dos anos 90 caracterizouse por un papel moi activo do sector privado fronte ao tradicional control que sobre estes temas ostentaban os gobernos. Deste período resultan acordos de comercio de estrutura lixeira cun propósito específico que se limitaba á creación de zonas de libre comercio sustentadas na constante diminución das barreiras arancelarias. A integración baixo este esquema é impulsada polos mercados e os seus actores e preséntase como unha alternativa a métodos baseados na construción de estruturas internacionais de carácter público. Colombia, despois dun par de décadas concentrada na construción

dunha zona andina integrada a través do Pacto Andino, opta polo pragmatismo do TLC con Venezuela.

Grazas ao libre comercio, as relacións entre Colombia e Venezuela aumentaron de maneira significativa durante a década dos 90, e aínda que o comercio sufriu unha forte diminución nos últimos anos debido a diversas discrepancias políticas co presidente Chávez, o ano pasado, os intercambios reiniciáronse con gran dinamismo e explican en gran medida o crecemento das exportacións colombianas en 2004. Na actualidade, Venezuela é o segundo socio comercial de Colombia despois de EUA, e da existencia dunhas fluídas relacións comerciais depende en boa medida o éxito económico de ambos países. Colombia non se pode permitir pór en perigo as relacións comerciais con Venezuela, pero ¿como non facelo dada a evidente diverxencia que en termos políticos existe na actualidade entre os dous gobernos? A historia pode ilustrarnos ao respecto.

Tras a catástrofe vivida a causa da II Guerra Mundial, moi poucos vían con claridade o futuro do continente europeo. É máis, poucos eran optimistas acerca da convivencia entre Francia e Alemaña, que tantas veces fora a causa de conflitos de envergadura. A aplicación dunha política moi dura e restritiva por parte dos aliados cara á vencida Alemaña podería ser o xermolo dun novo conflito, como sucedera coa firma do Tratado de Versalles que estableceu as condicións da primeira posguerra, e tamén sentou as bases da Segunda Guerra Mundial. A rivalidade entre as nacións europeas debía rematar sen a humillación dos perdedores. A saída a esta situación non era fácil de atopar. Soamente uns poucos visionarios comprenderon que na integración estaba a maneira de garantir a convivencia en Europa, así como o camiño da prosperidade.

A situación entre Colombia e Venezuela non está próxima á vivida na Europa dos anos 50. Non obstante, o camiño da integración podería ser útil para conseguir os mesmos obxectivos: a convivencia e a prosperidade. A crise existente nas relacións entre os dous países debería ser o motor para o deseño dun proxecto integrador baseado no interese común. O proceso de integración débese constituír no elemento fundamental para evitar que os desacordos de tipo político entre os dous gobernos afecten ás relacións económicas e comerciais. Isto sona aparentemente difícil de conseguir, e ben certo que o é. Pero non é imposible. Cómpre ter claridade sobre a metodoloxía e os elementos da integración.

O papel desempeñado polo sector privado na integración comercial deu bos froitos. A dinámica creada a partir de intereses de proveito económico é sólida e o pragmatismo consecuente garante que os procesos non se queden no simple discurso. O fortalecemento deste método debe darse coa identificación de sectores claves da economía. Ao respecto, proxectos como o gasoduto transfronteirizo é un exemplo que se debe resaltar. O sector enerxético é estratéxico e o traballo en conxunto podería consolidar intereses comúns inexistentes en aparencia. Pero ese non é o único sector que se debe explorar. A produción agrícola colombiana atopa en Venezuela un espazo de exportación en moitas fronteiras, e

aínda que os intercambios son fluídos, débese avanzar na consolidación de proxectos comúns.

A realización de proxectos de gran alcance é a base para o acercamento das economías. Mentres máis iniciativas comúns se desenvolvan, máis preto se estará da consolidación dun mercado común con todas as vantaxes económicas que este pode xerar. Unha gran integración no económico promove a concordancia dos intereses que afectan á sociedade no seu conxunto, ou sexa, aos intereses políticos. Cando se logra unha alta afinidade nos intereses políticos de dúas nacións, aspectos como o desenvolvemento e a seguridade convértense en elementos de cohesión, non de repulsión.

Dentro das saídas promovidas para saír do *impasse* diplomático ocasionado polo asunto Granda, atópase a creación dunha comisión bilateral para a análise deste problema. O futuro de Colombia e Venezuela necesitan da creación de máis dunha comisión bilateral. Sería necesaria a institucionalización dunha entidade supranacional que garanta os intereses dos Estados e non os dos gobernos. A crise causada pola captura de Granda, máis que ser un problema, é unha oportunidade para reflexionar e reorientar un futuro que, pola veciñanza dos dous países, soamente pode ser común.

Así mesmo, a integración sudamericana, que xira arredor da democracia e o desenvolvemento económico, ten que fortalecer as súas prioridades mediante o impulso dunha política de seguridade rexional. A solución ao problema non pode ser conxuntural. Todo o contrario. A crise debe ser aproveitada para crear unha ferramenta de solución de diferenzas, que logre blindar as relacións políticas, diplomáticas e comerciais da rexión.

O goberno de Luiz Inácio 'Lula' da Silva demostrou liderado internacional, autonomía e distancia política fronte a Estados Unidos, o cal permitíralle abandeirar a construción dunha política exterior de seguridade rexional que integre as aspiracións sudamericanas, sen provocar temores, illamentos ou desconfianza entre os países involucrados na alianza continental.

Coas leccións que deixa entrever o conflito colombo-venezolano, a discusión da política de seguridade debe abordar temas centrais como a definición do interese rexional e os mecanismos de solución de controversias; así como o establecemento de ordes de captura rexionais, a constitución dun sistema rexional de espionaxe, a creación dunha policía rexional e a facilidade do intercambio de probas xudiciais.

---

*Camilo Suescún* é doutorando na Universidade de Santiago de Compostela.